

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 7 de xuño de 2010 pola que se regulan e se convocan para 2010 axudas de carácter extraordinario a traballadores e traballadoras afectados por situacións de especial dificultade como consecuencia de procesos de reestruturación de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que supoñan a extinción dos seus contratos.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar ten, entre os seus compromisos, o apoio a aqueles traballadores e traballadoras que procedan de sectores que sufran procesos industriais recesivos, e que leven consigo o efecto negativo na actividade produtiva e no emprego.

Por esta razón, esta convocatoria ten por finalidade conceder determinadas axudas sociais a traballadoras e traballadores que, despois de ver extinguidos os seus contratos de traballo, con motivo de procesos de reconversión e/ou reestruturación de empresas debido á actual situación de crise, se atopan nunhas circunstancias nas que reincorporarse a un posto de traballo lles resulta moi difícil ou imposible.

É así que con esta orde trátase de dar publicidade, concorrencia e obxectividade ao conxunto das referidas axudas, así como determinar os supostos e condicións nas que procede a concesión destas, as cales se realizarán con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do correspondente exercicio orzamentario.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto outorgar axudas, en concorrencia competitiva, de carácter extraordinario en procesos de reestruturación de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que puidesen levar consigo o cesamento total ou parcial das súas actividades. A finalidade é axudar a traballadores e traballadoras destas empresas que, como consecuencia destes procesos, se atopan en situacións de urxencia e necesidade sociolaboral e, ao mesmo tempo, contribuír ao mantemento do emprego naqueles supostos nos que sexa posible.

A extinción dos contratos de traballo das posibles persoas beneficiarias deben derivar de expedientes de extinción colectiva das relacións laborais autorizados pola autoridade laboral ou xudicial competen-

te ao abeiro do disposto no artigo 51 do Estatuto dos traballadores.

Trátase, polo tanto, de compensar economicamente as persoas traballadoras a que se fai referencia naquelas situacións nas que estean afectadas por procesos de reestruturación e non acaden niveis de cobertura adecuados segundo as circunstancias concretas de cada caso, ben cando non acaden durante a situación de desemprego o nivel de cobertura mínimo, ou ben, cando se atopan en calquera outra situación de desprotección derivada da crise da empresa que non fose susceptible de ser cuberta por ningún outro mecanismo de garantía, e, ademais, nas persoas traballadoras concorran condicións especiais que impidan ou dificulten a súa reinserción laboral.

Esta compensación levarase a cabo, ou ben complementando a prestación de desemprego, ou se é o caso, o subsidio de desemprego, ou ben concedendo unha cobertura económica con carácter de axuda previa á xubilación mentres non accedan ás prestacións por xubilación na súa modalidade contributiva.

As axudas á prexubilación só se atenderán a través desta orde no caso de que a empresa tivese cesado a súa actividade de xeito definitivo e, previamente, se esgoten as prestacións a que teñan dereito as persoas beneficiarias, así como todas aquelas medidas que poña ao seu dispor a Administración para estes casos sen que, nese período, atopasen un novo posto de traballo. Non obstante, no caso do complemento dos importes das solicitudes tramitadas por distintas administracións, así como aquelas acollidas á Orde do 5 de abril de 1995 pola que se determinan as axudas que poderá conceder o Ministerio de Traballo e Seguridade Social a traballadores afectados por procesos de reconversión e/ou reestruturación de empresas (BOE do 19 de abril) haberá que aterse ao establecido na correspondente resolución do ministerio ou órgano competente na materia.

No caso de que a axuda solicitada non teña como finalidade a prexubilación e, polo tanto, a retirada do mercado laboral das persoas beneficiarias, as medidas que se van adoptar deberán estar ligadas a un plan de recolocación, a un itinerario de inserción ou a unha estratexia similar dirixida a promover ou facilitar a reincorporación ao mercado laboral das persoas afectadas.

Artigo 2º.-Financiamento e criterios de concesión.

A concesión das axudas e subvencións previstas nesta orde realizarase con cargo á partida 48.03.324 A 480.2, código de proxecto 2010-00779, do orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia para este exercicio, sendo o importe para 2010 de 100.000 euros. Este crédito poderá ser obxecto de ampliación dentro do mesmo exercicio orzamentario.

En todo caso, o outorgamento destas axudas quedará condicionado á dispoñibilidade orzamentaria, e concederanse, ata o esgotamento do crédito dispoñible.

No caso de que o crédito orzamentario non sexa suficiente para atender todas as solicitudes con dereito a axuda concederanse pola seguinte orde:

-En primeiro lugar, aquelas solicitudes cuxa finalidade sexa outorgar axudas á xubilación anticipada, por entender que afectan persoas cunha maior dificultade para a súa reinserción laboral.

-En segundo lugar, aquelas solicitudes que conteñan medidas que supoñan a reinserción no mercado laboral das persoas traballadoras afectadas.

-En terceiro lugar, o resto das solicitudes.

Só no caso de haber remanente despois de atender a un determinado grupo, seguindo esta prelación, atenderase o grupo seguinte. Así mesmo, dentro de cada grupo, de non ser suficiente o crédito, poderá procederse a unha repartición proporcional entre todas as persoas ou colectivos beneficiarios, en función da contía total solicitada, ata o total esgotamento do crédito existente.

Artigo 3º.-*Convocatoria e prazos.*

Convócanse as axudas para o exercicio 2010, podendo presentar a solicitude as traballadoras e traballadores, directamente ou a través dun representante, que reúnan os requisitos establecidos nesta orde, tendo o prazo dun mes desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os prazos previstos nesta orde por meses, computaranse de data a data, comezando a contar desde o día seguinte da publicación no DOG e entendendo como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 4º.-*Persoas beneficiarias.*

Serán beneficiarias as persoas traballadoras que reúnan os requisitos e obrigas establecidos nesta orde, e deberán cumprir, en todo caso, as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Así mesmo, non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas nas que concorran algunha das prohibicións previstas no artigo 10, agás a 10.2º b), da referida Lei 9/2007. Estes compromisos quedarán reflectidos na declaración incluída no impreso de solicitude.

Artigo 5º.-*Presentación de solicitudes e documentación.*

As axudas poderán ser solicitadas de xeito individual directamente polas persoas traballadoras ou

por unha persoa que as represente ou, en nome dun colectivo e de forma conxunta, pola propia empresa autorizada polas persoas beneficiarias ou representantes elixidos por estas persoas, sempre que figure a autorización destas para ese trámite conxunto, tendo en conta que as persoas beneficiarias serán sempre os traballadores e traballadoras afectados.

A presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir, de ser o caso, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, segundo o establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da persoa beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos referidos datos, sempre con respecto ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Así mesmo, segundo o establecido no artigo 14.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán consultar esta orde e obter os impresos necesarios desde a páxina web da Consellería de Traballo e Benestar (<http://traballo.xunta.es>).

Documentación que hai que achegar:

Xunto coa solicitude, segundo o anexo I desta orde, achegarase a seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI do solicitante, no caso de que a persoa interesada non autorice expresamente a comprobación dos datos por medio do acceso telemático ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia.

-De ser o caso, documento que acredite a representación da persoa que actúe en nome das persoas beneficiarias ou poder de representación da empre-

sa, de ser esta a que presente a solicitude en nome das persoas beneficiarias.

-Memoria explicativa na que farán constar, de xeito detallado, os motivos polos que se solicitan as axudas, o número de traballadoras e traballadores beneficiarios, a cobertura solicitada e o custo económico individualizado desta, xuntándose a documentación xustificativa, especificándose se existe concesión ou previsión de concesión doutras axudas de carácter análogo por parte doutras administracións ou entidades públicas.

-Documentación acreditativa da extinción dos seus contratos e das condicións nas que se produciu.

-Acordos acadados coa empresa para levar a cabo a extinción dos contratos.

-Plan de prexubilacións, de ser o caso, segundo o indicado no artigo 1º.

-Plan de recolocación, itinerario de inserción ou similar, de ser o caso, segundo o indicado no artigo 1º.

-Documentación acreditativa das indemnizacións percibidas ou que se vaian percibir pola extinción dos contratos.

-Certificación do Servizo Público de Emprego, acreditativa da situación, cobertura e dereitos das traballadoras e traballadores respecto das prestacións por desemprego.

-Declaración das axudas solicitadas ou percibidas polo mesmo concepto segundo o anexo III.

-Se a axuda vai destinada directamente a persoas traballadoras, ficha de terceiros da beneficiaria segundo o anexo IV.

Artigo 6º.-*Importe das axudas.*

1. O importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde serán, como máximo, o 25% do importe da capitalización, polo período de tempo total que se solicite, da prestación para a xubilación anticipada ou de desemprego que corresponda.

2. Á vista dos motivos alegados e dos informes achegados nas solicitudes presentadas, así como, aqueloutros que o órgano encargado da súa tramitación considere estritamente necesarios para poder resolver, a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais resolverá a concesión das axudas podendo estimar a solicitude formulada, total ou parcialmente. Cando a solicitude presentada sexa para un colectivo de persoas beneficiarias a contía concedida, de ser inferior ao importe total solicitado, poderá distribuírse de xeito proporcional aos importes solicitados para cada persoa do referido colectivo.

3. Na resolución que se dite farase constar a cantidade a que ascenda a dita axuda, a forma de pagamento e a súa ulterior xustificación.

4. Poderán non concederse estas axudas cando se concedesen ou tivesen previsto conceder axudas de análoga natureza, salvo que, no marco do correspondente plan, se acordase a súa concesión simultánea, de conformidade co previsto no artigo 3.3º da Orde do 5 de abril de 1995 pola que se determinan as axudas que poderá conceder o Ministerio de Traballo e Seguridade Social a traballadores afectados por procesos de reconversión e/ou reestruturación de empresas (BOE do 19 de abril).

5. No caso de solicitarse axudas de xubilación anticipada, ou medidas de similar natureza, estas axudas poderán complementarse por distintas administracións do xeito que estas determinen e serán capitalizadas segundo o procedemento estipulado pola Administración do Estado para este tipo de xubilacións ou medidas. Así mesmo, as persoas beneficiarias que percibisen indemnizacións pola rescisión dos seus contratos, deberán capitalizar estas indemnizacións para este fin, minorando así o importe que vaia achegar a Administración.

6. As axudas aquí recollidas terán como límite os créditos orzamentarios establecidos para este exercicio e o importe total das axudas percibidas para a mesma causa non poderá superar o custo total da acción obxecto de subvención (artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Artigo 7º.-*Instrución e valoración.*

1. O órgano instrutor e avaliador dos expedientes será o Servizo de Relacións Laborais da Subdirección Xeral de Traballo, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirá a persoa interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

3. O órgano instrutor poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aquelas que, de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26

de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopen en poder da Administración actuante.

Artigo 8º.-Resolución e recursos.

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes previstas nesta orde corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

2. Logo da fiscalización da proposta polo órgano interventor da consellería, o órgano concedente ditará a correspondente resolución que se lles notificará ás persoas interesadas.

3. O prazo para resolver e notificar a concesión de axudas será de dous meses desde o día seguinte ao que remate o prazo de solicitude das axudas. Transcorrido este sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 1º e no artigo 2º da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9º.-Ordenación do pagamento e xustificación dos gastos.

Unha vez se teña comprobada a corrección da documentación que se achegue coa solicitude da axuda e o cumprimento dos requisitos que exige esta orde, xunto coa resolución de outorgamento da axuda, ordenarase o pagamento do 100% do importe das axudas concedidas.

Artigo 10º.-Aceptación e renuncia.

Segundo o establecido no artigo 21.5º da Lei 9/2007, as persoas beneficiarias das axudas disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido ese prazo entenderanse tacitamente aceptadas. Nese mesmo prazo poderán renunciar de forma expresa, total ou parcialmente, á axuda outorgada.

Para este efecto, o órgano responsable ditará a resolución correspondente.

Artigo 11º.-Modificación da resolución de concesión.

Segundo o establecido no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 12º.-Revogación e reintegro.

Para os efectos do establecido no artigo 14.1º m) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007, e no seu regulamento, aprobado mediante Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Disposición adicional

Única.-Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións de concesión destas ditadas por delegación do conselleiro ou conselleira.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I

EXP. Nº

PROCEDEMENTO AXUDAS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO A TRABALLADORES E TRABALLADORAS AFECTADOS POR SITUACIÓNS DE ESPECIAL DIFICULTADE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR821D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO/A TRABALLADOR/A

NOME E APELIDOS		NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO		PROVINCIA
<input type="text"/>		<input type="text"/>
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>		

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA

DENOMINACIÓN OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA		NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO		
<input type="text"/>		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

E, se é o caso, na súa representación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CIF/NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARA que:

- a) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos e non concorren as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Indicar o que corresponda:
 - Non ter solicitado nin percibido ningunha axuda para a mesma finalidade dunha Administración ou entidade pública.
 - Ter percibido ou solicitado as axudas indicadas na relación que se xunta (no modelo que figura como anexo IV).
- c) Sométese ás actuacións de comprobación da Consellería de Traballo e Benestar, ás de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Economía e Facenda, ás previstas na lexislación do Consello de Contas e ás daqueles outros organismos públicos, que, de ser o caso, procedan.
- d) De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, **AUTORIZO EXPRESAMENTE** a consellería á publicación no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos correspondentes, dos datos de carácter persoal que existen as referidas normas, referidos tanto á información sobre as axudas concedidas como ás sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse, segundo o artigo 15 da Lei 9/2007.
- e) Autoriza o órgano xestor a solicitar as certificacións correspondentes, segundo o artigo 20.3º da Lei 9/2007.
- f) Autoriza expresamente a comprobación telemática do DNI ante o Ministerio da Presidencia segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos:
 - SI NON (neste caso debe anexar copia compulsada do DNI).

E SOLICITA as axudas arriba indicadas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 7 de xuño de 2010 pola que se regulan e convocan para 2010 axudas de carácter extraordinario a traballadores e traballadoras afectados por situacións de especial dificultade como consecuencia de procesos de reestruturación de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que supoñan a extinción dos seus contratos.</i>	(Para cubrir pola Administración)	
	RECIBIDO <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA Lugar e data _____, de _____ de _____	REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	DATA DE ENTRADA ____/____/____
		DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____

ANEXO II

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA Á SOLICITUDE

- Fotocopia do DNI do solicitante, no caso de que a persoa interesada non autorice expresamente a comprobación dos datos por medio do acceso telemático ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia.
- De ser o caso, documento que acredite a representación da persoa que actúe en nome das persoas beneficiarias ou poder de representación da empresa, de ser esta a que presente a solicitude en nome das persoas beneficiarias.
- Memoria explicativa en que farán constar, de xeito detallado, os motivos polos cales se solicitan as axudas, o número de traballadoras e traballadores beneficiarios, a cobertura solicitada e o custo económico individualizado desta, xuntándose a documentación xustificativa, especificándose se existe concesión ou previsión de concesión doutras axudas de carácter análogo por parte doutras administracións ou entidades públicas.
- Documentación acreditativa da extinción dos seus contratos e das condicións en que se produciu.
- Acordos acadados coa empresa para levar a cabo a extinción dos contratos.
- Plan de prexubilacións, de ser o caso, segundo o indicado no artigo 1º.
- Plan de recolocación, itinerario de inserción ou similar, de ser o caso, segundo o indicado no artigo 1º.
- Documentación acreditativa das indemnizacións percibidas ou que se vaian percibir pola extinción dos contratos.
- Certificación do Servizo Público de Emprego acreditativa da situación, cobertura e dereitos das traballadoras e traballadores respecto das prestacións por desemprego.
- Declaración das axudas solicitadas ou percibidas polo mesmo concepto segundo o anexo III.
- Se a axuda vai destinada directamente aos/ás traballadores/as, ficha de terceiros da persoa beneficiaria segundo o anexo IV.

ANEXO III

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

D/Dª _____ con DNI nº _____
 en nome e representación da entidade _____
 con NIF/CIF nº _____ en calidade de _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS ⁽¹⁾
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

⁽¹⁾ Indicar cun X o que proceda.

AXUDAS SOLICITADAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS ⁽¹⁾
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

⁽¹⁾ Indicar cun X o que proceda.

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E, para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

Lugar e data

, de de

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO IV

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

EXPEDIENTE

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
[]		[]	
ENDEREZO			
[]			
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
[]	[]	[]	[]
DATOS DA CONTA			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
[]	[]	[]	[]
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
[]	[]		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
[]	[]	[]	

CERTIFICO:
Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

SINATURA DO/A SOLICITANTE SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 10 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2010-2011, para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións para a poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 12.1º da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, define os parques naturais como aquelas áreas naturais pouco transformadas polas actividades humanas que, en razón da beleza dos seus sitios, da representatividade dos seus ecosistemas ou da singularidades da súa flora, fauna ou formacións xeomorfolóxicas, posúen uns

valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos cuxa conservación merece unha atención preferente. Esta lei prevé a posibilidade do establecemento dun réxime de axudas para a poboación residente no espazo natural protexido ou na súa área de influencia socioeconómica. Desta maneira, xunto coa creación dun instrumento xurídico regulador da conservación da natureza, posibilitouse a creación dun instrumento financeiro orientado ao fomento daquelas actividades ou accións que melloren e promocionen as zonas incluídas nos espazos naturais para o incremento da calidade de vida dos moradores. Así mesmo, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e biodiversidade, reproduce de xeito case literal, no seu artigo 30.1º, a definición de parque natural. Asemade, no seu artigo 5º establece como deber dos poderes públicos a promoción da participación e das actividades que con-